



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Pablo Javier Cebral Loureda
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. José Durany Castrillo
 D. Manuel Fernández Gesto
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. Luis Gude Troitiño
 D. José Luis Legido Soto
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Antonio Pena Giménez
 D. José Pose Blanco
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Patricio Sánchez Bello
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. Rafael Sanz Domínguez
 D. Manuel Varela Lafuente
 D. Federico Vilas Martín

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. M^a José Roca Fernández

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de dous de outubro de dous mil un, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O martes, **día 2 de outubro de 2001**, ás 10:30 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27-07-2001).
- 2.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitants, transformacións e permisos.
- 3.- Modificación parcial da normativa de libre elección.
- 4.- Aprobación, se procede, do curso de Postgrao en Administración e Dirección de Organizacións non Lucrativas.
- 5.- Aprobación, se procede do Regulamento da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas.
- 6.- Aprobación, da proposta de Estatutos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias.
- 7.- Aprobación, se procede, de convenio de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun curso de doutoramento interuniversitario denominado Estatística e Investigación Operativa.
- 8.- Proposta de nomemamento de delegado do Rector na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Vigo (Centro Ascrito).
- 9.- Acordo ante a non presentación de candidatos a Director no Departamento de Tecnoloxía Electrónica e no Departamento de Química Física.
- 10.- Aprobación, se procede, dos Convenios de Colaboración Internacional entre a Universidad Hogescholl Zeeland e a Universidade de Vigo.
- 11.- Proposta de novo membro para a Comisión de Publicación (sector estudantes).
- 12.-Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27-07-2001).

En relación co punto 3 da orde do día da sesión do 27-7-2001 e dentro do apartado de prazas BOE, acéptase a redacción alternativa do primeiro parágrafo proposta polo professor Santamaría.

No anexo VI da acta, sobre normativa de equivalencia entre os títulos propios da Universidade de Vigo e os programas de doutoramento e por indicación do professor Santamaría, modifícase a redacción do artigo 2, indicando a necesidade de dar conta á Xunta de Goberno da equivalencia que ten lugar unha vez aprobado o programa pola Comisión de Doutoramento. A intervención do profesor Santamaría neste punto queda recollida no anexo 0.

Apróbase por asentimento.

A continuación presenta o Rector o seu informe (este punto fora omitido por erro da orde do día):

Informe do Rector:

O Rector informa sobre o estado das obras no Campus de Ourense e no Campus de Lagoas-Marcosende, dos datos de matrícula e da visita do Presidente do Banco de Santander Central Hispano, quen fará entrega á Universidade das accións de Universia.net. Por último, informa da tramitación da Lei de Universidades no Parlamento.

Punto 2. Aprobación, se procede, do orzamento do ano 2001.

- prazas BOE- Apróbase por asentimento:

T10	595	CAT-EU	VIGO	---
T07	520	TIT-UN	VIGO	AMADOR RODRÍGUEZ DIÉGUEZ
C07	750	TIT-UN	VIGO	BENITA PÉREZ CID
C06	015	TIT-UN	VIGO	MIGUEL A. MIRÁS CALVO
C05	265	CAT-EU	PONTEVEDRA	---
C05	265	CAT-EU	VIGO	---

- visitantes -

- Dona Gloria Caballero Fernández, coa categoría de PPI, desde 1-10-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Organización de Empresas e marketing.

- Dona Cristina Pérez Sánchez, coa categoría de TIT-EU, desde 1-10-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Dereito Público.

- Don Gerardo Domarco Álvarez, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2001 a 30-09-2002, no Departamento de Física Aplicada.

- Dona M^a Graciela Paz Bermúdez, coa categoría de ASO T3-P3, desde 20-02-2002 a 20-06-2002 no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.

- Don Robert Neal Baxter, coa categoría de PPI, desde 1-10-2001 a 30-09-2002, no Departamento de Traducción e Lingüística.

- Don Javier Roca Pardiñas, coa categoría de TIT-EU, desde 1-10-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

- Dona Leticia Lorenzo Picado, coa categoría de PP1, desde 1-10-2001 a 30-09-2002, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

- Dona María Castellano Méndez, coa categoría de TIT-EU, desde 1-10-2001 ó remate da baixa maternal da profesora Dona Angeles Saavedra González, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Dona María Amalia Jácome Pumar, coa categoría de PPI, desde 1-10-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Don Antonio Álvarez Alonso, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2001 a 28-02-2002, no Departamento de Enxeñería Química.
- Dona Nieves Redondo Álvarez, coa categoría de PPI, desde 1-10-2001 a 30-9-2002, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo.

- transformacións -

X09	650	M ^a ISABEL DIÉGUEZ CASTRILLÓN	DE PPI A T2TC
X09	650	M ^a EVA DIZ COMESAÑA	DE PPI A T2TC
X09	650	M ^a ELENA VELANDO RODRÍGUEZ	DE PPI A T2TC
H04	345	M ^a VICTORIA FERNÁNDEZ CARBALLO-CALERO	DE PPI A ASOT2TC

- permisos-

A profesora Dona Águeda Gómez Suárez solicita un permiso para realizar unha estancia na Universidade de Tamaulipas (México) ó amparo do convenio asinado coa Universidade de Vigo. Tendo en conta que a solicitude non encaixa na normativa xeral de permisos, o Rector solicita da Xunta de goberno que se considere como un permiso extraordinario ligado ás Relacións Internacionais da Universidade, sempre que sexa a custo final cero. A profesora Gómez Suárez tería que renunciar á parte do seu salario que permita unha contratación ventual para encargarse da docencia correspondente.

Apróbase por asentimento.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I (punto 2).

Punto 3. Modificación parcial da normativa de libre elección.

O Vicerrector de Organización Académica explica as modificacións aprobadas na COAV. Refírense ós créditos de libre elección por estudos de música ou de idiomas.

O profesor Candelas propón que no artigo 29 se diga "quedan excluídos do recoñecemento automático de créditos....". Acéptase.

Os profesores Durany e Cabeza e a Sra. Bermúdez solicitan aclaracións.

Apróbase a proposta por asentimento. A nova normativa engádese á acta como anexo II.

Punto 4. Aprobación, se procede, do curso de Postgrao en Administración e Dirección de Organizacións non Lucrativas.

O Vicerrector de Organización Académica indica que está pendente a aprobación das taxas por parte do Consello Social.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I (punto 4)

Sométese o curso a votación:

A favor	16 votos
En contra	2 votos
Abstencións	3

Apróbase.

Punto 5. Aprobación, se procede do Regulamento da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de Estatutos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias.

O Vicerrector de Investigación explica que este texto xa foi aprobado polas outras universidades galegas.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I (punto 6) que contén algunhas suxestións para incorporar agora ou cando se teñan que modificar os Estatutos.

Apróbase por asentimento (anexo III).

Punto 7. Aprobación, se procede, de convenio de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun curso de doutoramento interuniversitario denominado Estatística e Investigación Operativa.

O Vicerrector de Investigación explica o contido desta proposta, xa aprobada pola Comisión de Doutoramento.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I (punto 7) e ofrece un texto alternativo de Convenio Marco.

Apróbase a proposta inicial por asentimento e se recolle para o future o texto alternative que propón o profesor Santamaría.

Punto 8. Proposta de nomemamento de delegado do Rector na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Vigo (Centro Adscrito).

O Vicerrector de Organización Académica propón á profesora Dona Amparo Solla González como delegada da Universidade na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Vigo en substitución da profesora Dona Dolores Troncoso Durán que na actualidade ten o cargo de Directora do Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Acordo ante a non presentación de candidatos a Director no Departamento de Tecnoloxía Electrónica e no Departamento de Química Física.

a) Tecnoloxía Electrónica

Recibida do Consello de Departamento a seguinte proposta: *O Consello de Departamento informa que non hai candidato á Dirección do Departamento de Tecnoloxía Electrónica e propón ó Rector a elección do Director do Departamento por un período de 18 meses, entre os profesores numerarios doutores con antigüidade igual ou superior a 5 anos, e que non foran anteriormente directores do mesmo, e non parecendo clara a expresión "... elección do Director...", acórdase solicitar do Departamento que se precise ese termo. Se o que se quere dicir é "nomeamento do director" se actuará segundo o acordado no Consello de Departamento.*

b) Química Física

Non habendo candidatos a Director de Departamento e tendo en conta que o profesor D. Luis Carballeira Ocaña leva xa un ano no cargo de Director en funcións, acéptase a súa demisión e a Xunta de Goberno acorda solicitar ó Consello de Departamento o informe que establece o artigo 104 dos Estatutos, para os casos nos que non se pode realizar a elección.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos Convenios de Colaboración Internacional entre la Universidad Hogescholl Zeeland (Holanda) y la Universidad de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Proposta de novo membro para a Comisión de Publicación (sector estudantes).

Apróbase a proposta do Director do Servicio de Publicacións, de nomear a D. Miguel Valverde Juncal, alumno de 3º ciclo, como membro da Comisión de Publicacións.

Punto 12. Rogos e preguntas.

A profesora Carballo-Calero intervén para solicitar unha persoa para atender unha das Secretarías dos Departamentos da Análise e Intervención Psico-Socioeducativa e de Historia, Arte e Xeografía (anexo IV).

O profesor Candelas manifesta a súa protesta e indignación polas actuacións da empresa constructora na Facultade de Filoloxía e Traducción e polo non cumprimento dos prazos fixados pola Unidade Técnica. Roga que nos rótulos do Campus se cambie "Humanidades" por "Filoloxía e Traducción". Por último pregunta ó Sr. Rector se lle consta que como Decano fixo todo o posible para conseguir o segundo ciclo en Lingüística para a Facultade (O Rector respóndelle que si, e que esa petición está recollida na programación plurianual. Engade que como rector tamén está indignado pola actuación da empresa citada).

O profesor Sánchez Bello roga que se estudie se é posible que os Directores de Centro interveñan nas mesas de contratación cando afectan ós Centros.

O profesor Santamaría fai rogos e preguntas que se recollen no anexo 1 (punto 12).

O profesor Vilas roga que o importe do "punto" na produción científica non siga baixando xa que, na súa opinión, diminúe o estímulo dos investigadores.

Pregunta pola equivalencia coa tesina e a desgravación por créditos do Diploma de Estudos Avanzados (O Vicerrector de Investigación di que pedirá á Comisión de Doutoramento que aclare esas cuestións).

Roga que se aclaren as competencias de Fremap, Seguridade Social, etc... na cobertura de seguros por accidentes.

Pregunta se se pode contar con mais persoal de apoio nos Departamentos.

Pregunta pola tramitación de incentivos adicionais ós salaries por Comunidades Autónomas.

Pregunta pelas recentes caídas de tensión no Campus.

A Sra. Bermúdez pregunta se a "Librería Universitaria Sur" é da Universidade. Ante a resposta negativa do Sr. Rector, a Sra. Bermúdez pregunta como é posible que nesa librería se vendan a 200 pts programas de Dereito Civil, o cal vai en contra do regulamento do estudante. Roga que se poña fin a esta situación. O Rector responde que, en principio, eses feitos deben denunciarse en Xunta de Centro.

Pregunta tamén polas marquesinas no Campus de Lagoas-Marcosende.

O profesor Costas súmase as queixas manifestadas polo profesor Candelas e pregunta quen se vai facer cargo dos desperfectos na Facultade.

A Sra. Corbacho pregunta pola frecuencia do bus circular en Lagoas-Marcosende.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 2 de outubro de 2001 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo